

FARO DE VIGO

Tribunal libre

Miño fala alto da forza da literatura galega

[Antonio García Teijeiro](#)

19·06·23 | 06:06



Portada do libro, editado por Xerais.

Hai proxectos que se converten en esenciais no mesmo intre de ser pensados. E son esenciais polo valor que lle proporcionan á cultura dun pobo. Son proxectos abertos, cheos de contido, que salientan –como ao que me vou referir– a identidade cultural e, neste caso, a identidade e a puxanza da literatura escrita en galego.

Miño é o segundo volume (o anterior foi *Fisterra*), que xorde dunha iniciativa da asociación Amigos do Libro Galego/Artes e Letras, coordinada con moito criterio polo xornalista **Xosé Manuel del Caño**.

En *Miño* recóllense 38 relatos de escritoras e escritores de Galicia nunha mostra fundamental para coñecer a auténtica realidade da narrativa actual na nosa lingua e, en particular, do relato curto.

Cun limiar e un epílogo escritos por Rexina Vega e Antón Riveiro Coello, dun interese excepcional, *Miño* é unha voz que fala ben alto da forza que ten a nosa literatura.

Hai en *Miño* moita diversidade tanto formal coma temática. Enfoques narrativos ben diferentes, técnicas variadas e voces que ofrecen a riqueza narrativa dun modelo literario, o relato curto, que pide paso con insistencia no escaparate da nosa literatura. Unha literatura que contou sempre con magníficos exemplos deste xénero –Fole, Dieste, Cunqueiro, [Ferrín](#), [Casares](#), [Neira Vilas](#)...– e que, polo visto neste libro, a calidade do xénero está garantida.

Este volume reflicte que a literatura galega non é unha literatura menor, que está desexando ser valorada na súa xusta medida e intentando desbotar a falta de autoestima que tan mal lle fai. E, como apunta con precisión Rexina Vega no texto Todos somos reiseñores, en *Miño* pode observarse a enorme diversidade e calidade que caracterizan hoxe a narrativa do noso país. Nunca como agora tantas voces creando tantas liñas de sentido, tantas formas de ordenar o mundo.